



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA VENRES 10 DE FEBREIRO DE 2023

Convocado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2023, e visto que o prazo para solicitar a inclusión no mesmo a través da plataforma informática habilitada para estes efectos na páxina web da Deputación (SUBTEL) remata o martes 14 de febreiro do 2023 ás 15:00 horas, tal e como establece a base número 5 das que regulan este Plan e que, entre outra documentación, débese remitir a certificación do acordo plenario de aprobación, e

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: venres 10 de febreiro de 2023
- ➔ Hora: 10:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2023 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2023.
2. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde
(documento asinado dixitalmente)
Asdo. Antonio Fernández Angueira